


A praia da esperanza




Título: A praia da esperanza
Autor: Agustín Fernández Paz
Illustradora: Teresa Novoa
Editorial: Xerais
Colección: Merlin
Nº páxinas: 104
ISBN: 84-9782-068-1
Idade: De 9 anos en diante

XERAIS



O autor



Agustín Fernández Paz

Pode considerarse un dos máximos expoñentes da literatura infantil e xuvenil galega actual. Conta cunha producción ampla e variada, tanto en narración curta como en novela, e moitos dos seus libros están traducidos a outras linguas. Acadou premios de gran prestixio neste campo:

- Merlín 1989 por *As flores radioactivas*.
- Edebé 1994 por *Trece anos de Branca*.
- Lazarillo 1990 por *Contos por palabras*.
- Premio Rañolas 1995 por *Cartas de inverno*.
- Premio Raíña Lupa 1998 por *Cos pés no aire*.
- Premio Barco de Vapor 2003 por *O meu nome é Skywalker*.
- Formou parte da Lista de Honor de IBBY e da Lista de Honor da CCEI en más dunha ocasión.
- Foi finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil.

Tamén son seus os títulos *A cidade dos desexos*, *O laboratorio do doutor Nogueira*, *Un tren cargado de misterios...*

Nado na Terra Chá en 1947, traballa na comarca de Ferrol e, posteriormente, en Vigo, no campo do ensino, tanto en primaria como en secundaria, destacando o seu labor á fronte de movementos de renovación pedagóxica como «Avantar» e «Nova Escola Galega».

Estudoso da literatura infantil e xuvenil galega, así coma do cómic, influíu na divulgación e prestixio destes campos.

Tampouco debemos esquecer a súa achega na galeguización educativa.

a ilustradora

Teresa Novoa

Estudou arquitectura.

Traballa no campo da ilustración desde 1990.

Conta con obra publicada en países como Xapón, México, Alemaña e Corea.

Acadou o premio ao mellor álbum ilustrado no ano 1999 por *A la orilla del viento*. As ilustracións desta historia asumen un aire esquemático e sinxelo que parece buscar a identificación cos debuxos dos nenos e as nenas a quen vai dirixido. Consegue a expresividade dos sentimentos cun mínimo de liñas e cores.

resumo argumental

O relato, protagonizado pola pequena Raquel, comeza o derradeiro día de agosto cando, a punto de rematar as vacacións, atopa unha enorme buguina que levará como recorde para a cidade. Esa mesma noite descubrirá que no interior da buguina agóchase unha diminuta serea.

Sunia, a pequena serea, pídelle que lle deixe pasar o inverno con ela; desa maneira converterase na amiga secreta que lle conta contos cada noite.

A mediados de novembro a serea séntese desacougada e unha das noites comeza a saír chapapote do interior da buguina. O cheiro e o ruído espertan aos pais, que non poden entender a presenza do alcatrán na casa e acaban descubrindo tamén á pequena serea, que se oculta nas mans de Raquel; daquela cónthalles que isto só pode ser o aviso dun suceso terrible no mar. Cando conectan a radio e a televisión para coñecer que estaba pasando escoitan que un petroleiro afundira, pero que non había riscos na costa. Ante a insistencia da serea, que afirma que os medios de comunicación minten, telefonan ao cámping e así confírmánlle que toda a beiramar está inundada de petróleo.

Os pais de Raquel collen os días que lles quedan de vacacións e vanse coas pequenas a axudar a limpar as praias, traballando co resto dos voluntarios. A serea escápalle das mans a Raquel, pois quere estar cos seus, pero morrerá esa mesma noite.

Pasou o tempo... e o vinte e dous de xaneiro a nai de Raquel lévaa á praia para que poida formar parte da cadea humana que ese día formarán os nenos e nenas das escolas de Galicia. Co seu corpo axudará a escribir a palabra *vida* fronte a ese mar que falaba de morte. É a esperanza dos máis novos.

Rematado o relato, unha serie de anexos explican, coa axuda de fotografías, o que foi noticia real naqueles días: o afundimento do *Prestige*, a marea negra e os danos que produce, a mobilización social, as cartas de reis de dous rapaces galegos, unha cadea de vida, unha longa historia de mareas negras, e ¡nunca máis! ás mareas negras.

temas e valores



As mareas negras

O autor sitúa unha historia de ficción no tempo da última marea negra que asolagou o mar de Galicia. Introduce na historia a situación de impotencia fronte ao verquido de fuel, a loita dos voluntarios como un exército branco defendendo a natureza, a cadea humana de esperanza formada polos escolares fronte ao mar ferido...



Os medios de comunicación de masas

A manipulación da información que oculta a verdade.




A intervención política

por parte das autoridades e a mobilización social, que se verá a través das manifestacións más numerosas da historia de Galicia. Dentro deste apoio social podemos interpretar o feito de que os dereitos da primeira edición deste libro foron cedidos á plataforma NUNCA MÁIS.




O voluntariado e os mariñeiros

facéndolle fronte á marea negra, ás veces sen medios, coas súas propias mans ou coas ferramentas que ían construído eles mesmos.



O mundo dos seres mitolóxicos:

as sereas.



Un relato de ficción

construído sobre unha realidade.

ficha a1 (antes da lectura)

- *A praia da esperanza* é un título que nos dará que pensar. Explica a razón pola que o autor o escollería.

- Se hai “praias da esperanza” é posible que tamén as poida haber doutro tipo. Vai escribindo:

Praia da _____ Praia da _____

Praia da _____ Praia da _____

- Elixe o título que máis che guste.

- Agora, escribirás a historia que se agocha detrás dese título.

ficha a2 (antes da lectura)

Se algúن de vós gusta máis da poesía, para el son estas actividades.

- Podemos xogar co título do libro de Agustín Fernández Paz para escribir un poema:

Praia da esperanza

Praia da _____

Praia da _____

Praia da _____ (e seguir...)

Praia da esperanza

_____ de esperanza

_____ de esperanza

_____ de esperanza (e seguir...)

- Tamén podemos facer un acróstico.

P
R
A
I
A

D
A

E
S
P
E
R
A
N
Z
A

ficha d1 (despois da lectura)

A modo de diccionario:

«Sereas Minúsculas: seres máxicos que viven ocultos nalgunhas furnas da nosa beiramar.»

- ¡Continuemos describindo os seres máxicos que debuxamos!



- Sunia é unha serea do tipo das minúsculas; imaxina outras pertencentes a diferentes familias da especie das sereas:

- Busquemos no *Diccionario dos seres míticos galegos* o que aparece en relación ás sereas. Logo, faremos un marcalecturas para este libro, coa imaxe da serea que máis nos guste de todas as que atopemos nos libros que revisamos buscando ilustracións de sereas.

ficha d2 (despois da lectura)

- Buscaremos recursos literarios no texto, como as comparacíons, as metáforas ou calquera outra que atopedes:

Comparacíons «coma os pétalos dunha enorme flor», «reviravoltas semellantes ás dun labirinto», «coma se alí dentro estivese gardada a memoria sonora do mesmo mar», _

Metáforas: «ceo salferido de nubes de algodón», _



Personificación ou animación: «dragón de infinitas bocas negras» (marea negra), _

- «Un inmenso monstro agonizante que tinguía de sangue negro a superficie do mar» pode ser o comezo dunha historia...




ficha d3 (despois da lectura)

- Con *mar* podemos construír palabras como *beiramar*, *mariñeiro*...

- Recollamos os nomes que se refiren ao chapapote no libro.

- Raquel consideraba que cada historia que Sunia lle contaba era un agasallo. Regálanos ti o mellor dos teus contos.

- Cando hai contaminación no mar, unha serie de animais teñen problemas. Localicemos cales son e expliquemos a razón das súas dificultades.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 66-2005